

Palabra e lugar

NON SON DE AQUÍ

AUTOR: MARÍA DO CEBREIRO

EDITA: XERAIS

QUE NADA lle sexa alleo: velaquí o principal e máis ambicioso compromiso de María do Cebreiro co poema, como volve demostrar co libro de recente publicación de Non son de aquí (Xerais). “A poesía é o gran milagre do mundo!”, escoitoulle un día María a Pimentel, e entón a decidida

exploradora do verso deu en peneirar palabras, discursos, recordos e todo canto lle puidese ser descoñecido ao poema -inxente traballo malia tanta historia-. E tamén procurou xeografías de seu: Santiago de Compostela, Lisboa, Sintra, Madrid, Granada, A Coruña, Biscaia, Amsterdam,

IAGO CASTRO BUERGER

Bangor... porque a única ilusión posible de dominar as palabras é ligalas a un espazo. Mais, que son os lugares senón alí onde situamos a memoria?

A casa poética de María do Cebreiro non ten paredes. Tirounas para ir na busca desesperada das palabras que foron súas algunha vez e que sabe perdidas. Pódese pasar sen chamar e estar ben a gusto cos poemas que só caben non seus libros. Pero ollo, a súa poesía non se pode confinar, cómpre levala canda nós. É de vento. Non é de aquí. Lendo os seus versos estamos condenados a ser libres. ●



María do Cebreiro